

Informe sobre as formas galegas dos apelidos *Martínez* e *Fernández*

Fernández é apelido inequivocamente galego. Aparece xa con esa forma nun documento latino de Oseira de 1112. O antecedente *Ferdinandez* rexístrase nun documento tamén latino de 899 de Bóveda e noutro de Santiago de 922. A presenza da forma *Fernandez* en documentos galegos é constante ata hoxe. No estadio máis arcaico da lingua escribíase *Fernandez* (coa variante *Fernandiz*). As variantes en *-es* que se rexistran en documentos tardomedievais explícanse no marco da evolución fonética, desde a primitiva consoante africada [ts] (procedente da primitiva [dz]) á fricativa alveolar [s], da que procede a interdental [θ]. Dende a Idade Media, a terminación *-ez* consolidouse para a xeneralidade dos apelidos patronímicos. Esa é a grafía primitiva galega e é a única grafía lexítima no galego normativo, independentemente de que a pronuncia seseante [-es] sexa admisible sen reparo de ningún tipo.


A grafía en *-ez* non parece que poida cualificarse de castelanismo, aínda que coincida coa solución dominante en castelán, non só por ser a máis antiga en galego senón tamén por ser a forma xeral que tiveron eses apelidos en Portugal ata o século XIX.

As formas galegas que corresponden ao apelido *Martínez* son *Martiz*, *Martís* ou *Martíns*.

a) A forma *Martínez* ten uns 113.000 portadores repartidos por toda Galicia. Pero, aínda que esta forma *Martínez* (con [n] intervocálico e coincidente co castelán) é a predominante, o testemuño de toda a documentación medieval e moderna, ata o século XVII polo menos, e o testemuño dos datos que aínda hoxe ofrecen a toponimia maior e a microtoponimia levan a asegurar que, con diversas grafías, a forma galega propia e orixinal deste apelido é *Martiz* ou, en certas zonas de Galicia, *Martís*.

b) A primeira forma histórica galega é *Martiz* derivada de *Martiniz* con perda do ene intervocálico.

c) A segunda forma histórica é *Martís*, produto da desonorización das sonoras galegas, documentada xa no diplomatario de Montederramo en 1296. Igualmente, na igrexa de San Domingos de Bonaval diante do altar da epístola hai unha lápida do século XV de *María Martís*.



REAL ACADEMIA GALEGA

d) Doutra banda, o Censo do 2001 testemuña 1.002 portadores da forma *Martíns*. Ben que non existe a certeza de que esta forma sexa patrimonial en galego, tampouco existen argumentos definitivos para descartala como tal.

Tendo en conta o antedito, a Real Academia Galega acorda propoñer *Martiz* como grafía propia normalizada correspondente ao castelán *Martínez*. Así mesmo, acorda considerar como aceptables as variantes *Martís* e *Martíns* e en consecuencia, admitir a modificación rexistral do apelido *Martínez* como *Martiz*, *Martís* ou *Martíns*.

